


RUXERUXE

revista do equipo de dinamización lingüística

14

aquis celenis 2012





Estamos certos/as de que se quixeramos bautizar o ano, todos e todas habiamos coincidir en que este é, sen dúbida, O Ano dos Recortes. Por iso queremos dedicar este editorial a falar do que nos afecta: os recortes no sistema educativo.

Comezamos o curso con protestas porque viamos a intención por parte das autoridades de facer pagar o prezo da crise ao sistema educativo, isto é, degradar a calidade do ensino público provocando un grave retroceso que o vai levar á mesma situación en que estaba hai vinte ou trinta anos, cando só uns cantos privilexiados intelectualmente tiñan acceso á formación e os outros, aqueles aos que lles custaba un pouquiño máis, tiñan que se pór a traballar case dende cativos; por suposto, os privilexiados economicamente non formaban parte do sistema público e podían (e poden) pagar boas cantidades para conseguir saír para adiante a pesar dos impedimentos intelectuais...

Acabamos o ano e a situación non fai máis que empeorar: aumento das taxas universitarias, maiores trabas para acceder ao sistema de bolsas, redución das axudas para aprender idiomas no estranxeiro, aumento da ratio de alumnos por clase, aumento do horario lectivo do profesorado...

Os/as que editamos esta revista e organizamos actividades extraescolares sabemos ben o traballíño que isto leva e a cantidade de horas que hai aquí investidas (por parte do alumnado e do profesorado) e facémolo porque acreditamos en que non só se aprende nas aulas: ler, asistir ao teatro, rodar unha curtametraxe, aprender a falar en público, convivir con persoas doutros lugares, participar en obradoiros, facer teatro, manexar as novas tecnoloxías, coñecer outros lugares de Galicia e de fóra, preparar recitais... son actividades que axudan a unha formación integral do alumnado e ás que moitos alumnos só poden acceder a través do ensino. A inicios do curso moitos centros de Galicia, en protesta polo aumento do horario lectivo do profesorado e, en consecuencia, da redución das horas necesarias (e xa de por si insuficientes) para a preparación de actividades non estritamente académicas decidiron suspender as actividades extraescolares. Nós non o fixemos porque nos parece que esa protesta implica un castigo extra para o alumnado, pero si que queremos agora aquí deixar constancia de que os cambios que se avexían teñen repercusións moi moi negativas para a calidade do ensino.

E, por suposto, tamén son malos tempos para a lingua galega: o interese por parte da Administración en cumprir a súa obriga legal de promover o uso da lingua cada vez séntese menos. Unha evidencia é o fomento dos centros plurilingües (en vez de procurar unha aprendizaxe integrada de linguas, que é o que recomentan os expertos en neurolingüística), outra a cantidade que este ano recibiron os equipos de dinamización lingüística para a preparación de actividades: a media está en 300 euros, xa só editar esta revista vale 600... botade contas!!!

NORMALIZA... ACCIÓN

Un curso máis os que formamos parte do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) traballamos para que a nosa lingua estivese presente en todas as actividades que se fixeron no centro, e fóra del tamén, démoslle á lingua sen parar. Velaí un resumo dalgunhas das nosas actividades.

Os Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística cumprimos 20 anos.

- 20 anos **animando** a vida dos centros con exposicións, revistas, concertos...
- axudando** o noso alumnado con obradoiros de escritura, clubs de lectura, concursos...
- 20 anos **organizando** intercambios, actividades extraescolares, celebracións populares...
- ensinando** a traballar en equipo, a manexar as novas tecnoloxías, a investigar...
- 20 anos **poñendo en valor** a cultura, a lingua, as persoas...
- 20 anos **dinamizando**, **innovando**, **educando**...
- 20 anos que non serían posibles sen vós, as **familias**, por iso vos queremos dicir...

GRAZAS

Comezamos celebrando que neste curso se cumpriron 20 dende que se crearan os equipos de normalización lingüística e quixemos agradecer a todas as familias o apoio mostrado e explicarlles cales son os obxectivos que nos moven .

Que é un Equipo de Normalización Lingüística?

coordinadora galega de equipos de normalización e dinamización lingüística

<http://www.coordinadoraendg.org>
e-mail: conseil@coordinadoraendg.org



No **Samaín**, como sempre, revivimos as nosas tradicións e contámoslles contos aos máis pequenos , gústanos meterlles no corpo algo de medo... iso si, tomándoo cun chischo de humor... negro.



Ea partir de aí, comezamos a movernos: no club de lectura, no grupo de teatro, e con actividades puntuais como as que seguen:

En Nadal, coma todos, tamén pensamos nos agasallos e nós..., **en colaboración coas librerías de**

Caldas, recomendamos libros, para toda a familia.



E como nos gustan moito as historias fomos compartilas con quen sabe moito disto, **fomos ao Fogar do maior "a darlle ao conto"**, agora agardamos que eles veñan correspondernos



Pero non todo son tradicións, ou si, un ano máis (polo tanto xa é para nós unha tradición) celebramos o **Día da Ciencia en galego**: conferencias, vídeoconferencias, experimen-



Porque nós, xa sabedes, sempre somos partidari@s de practicar co exemplo e por iso fomentamos o amor, tamén pola lingua, que é unha das poucas cousas que non ten prezo, así que no Día dos namorados: agasallamos **tarxetas** e promovemos palabras de amor.



0 4 MOR NON 73N PR 3Z

Unha lingua propia, tampouco.

E tamén un ano máis, celebramos que cada vez somos máis os que nos posicionamos **contra a violencia de xénero**. O cartel deseñouno



Hai que recoñecer que nós ás palabras témosles moito aquel, por iso organizamos **concursos**: este ano como novidade, ademais dos de sempre, quixemos tirar polos de ciencias, para que se vexa que non lle teñen medo ás palabras... **ENSAIO (a) con-CIENCIA** (e non llo tiveron eh!).

Mais non todo é escribir, unhas palabriñas ben ditas... por iso quixemos aprender a falar mellor e apuntámonos a un **Obradoiro de teatro** e logo a un **Obradoiro de lingua oral** (grazas á Anpa pola súa axuda económica).



E seguimos a usala na nosa produción cinematográfica (ata organizamos un **casting de voz**, Aí é nada!!!),

Ete ano, como sabemos que hai moita necesidade, optamos por facernos **Doantes de lingua**




TODOS PODEMOS SER DOANTES

Para nós isto da lingua évos unha festa e, polo tanto: **Festa da lingua**, xuntámonos cos compañeiros dos outros centros da comarca e celebrámolo que cada vez somos máis os que defendemos a nosa cultura e usamos a nosa lingua, por iso entregamos os **Lingumia** a quen lle quere abrir as portas ao galego nos seus negocios porque este curso o Día das letras convertémolo no "día da empresa coa lingua" e visitamos as empresas todas de Caldas levando información de primeira : Se é en galego, é de calidade.

E tamén galeguizamos no deporte... este curso comezamos suave para non cansar moito, deporte de facer sentados e traballar coa mente: **Xornada de Xadrez**



Como en cursos anteriores, tamén fixemos obradoiro de chapas (iso tamén contará como deporte??) e atrevémonos coas instalacións escultóricas



E fixemos **intercambio** con outro centro: podeades visitar a nosa wiki:

intercambioaquis2012.wikispaces.com/

e tamén seguimos co noso blog:

aquisfalamos.wordpress.com

e co blog do club de lectura:

iescaldasletras.blogspot.com.es/

E seguimos durante o mes de maio cunha **programación especial para celebrar as letras**: cinema (Vilamor), música (Roberto Sobrado Band), contacontos (Tropa de Trapo), teatro (Serafin Marcos)... xa vos manteremos informados/as na:



CRE... ACCIÓN



CANCRO

Vanesa Míguez, 1º bach.

Cristina Janza (ilust.)

Espertei ás sete en punto. Ese día reincorporábame ás clases. Baixei almorzar. Triste.

-Bos días, boneca!

-Bos días, papá. Aínda que che custe crelo, as palabras do doutor Gutiérrez non incluían o de "boneca" nos "bos días". Non quero que nada cambie.- Mirou para min, coas bágoas nos ollos e abrazoume.

-Nada vai cambiar. Pero... - intentaba falar de algo que non podía. Simplemente non se podía. Era así, eu ía morrer en tres meses, punto pelota, pero era imposible de mencionar.

-Antonte chamei ao colexio, pedín "Máxima Discreción"- ambos nos botamos a rir pola miña interpretación estilo 007- non quero que ninguén o saiba até que eu este preparada para dicilo. Non quero enfrontarme coa pena dos meus amigos e cos falsos sorrisos dos meus inimigos, cheos de remordementos

quizais, ou alegres porque marchou.

-Carlota, non todo é branco ou negro. Quen se ía alegrar de que morreses?

-Papá, é así e punto.

-Está ben. Almorza que chegas tarde.

Saín da casa ás sete e media. Chegando á parada de autobús atopei con dúas amigas, María e Cristina. Saudámonos. Todos coñecían a miña enfermidade, ninguén que acabaría comigo en menos de tres meses. Chega o autobús e subimos a el.

-Eh! Carlota! Benvida!

-Mikel! Grazas.-Miguel era o pallaso de clase, típico bromista desinteresado, todos lle chamaban Mikel porque dicían que era un pouco inglés.

-Carly! -esa era Lucía- Sabes a nova?

-Levo unha boa tempada sen vir a clase, terédesme que contar TODAS as

novas.

-Hai un rapaz novo no colexio, chámase Alex. Oh! Mira é ese de aí, en menos de dúas semanas colocouse entre os máis populares de todo o colexio, pero en fin, ningunha somos as pretendentes adecuadas pra el.

-Gha-gha-gha, xa intentaches ligar con el?

-Non, díxollo a Carmen.

-Ammm.

Alex era un rapaz alto, un metro oitenta, diría eu. O seu cabelo era negro, bastante curto, polo que non adiviñei se era liso ou rizo. Os seus ollos era dun azul-ceo precioso e vestía uns vaqueiros azuis, camiseta branca e por riba unha camisa azul.

Sen dúbida un dos rapaces máis guapos que eu vira, pero máis que nas leas amorosas, tiña outras cousas en que pensar, así que cando sentou ao meu lado puxen os cascos e ignoreino. Estaba posta "La canción del pirata" de Terra Santa, pechei os ollos e imaxineime como unha pirata, sucando os mares e saqueando sen ningunha preocupación. Pero pouco durou a miña evasión porque uns toques nas costas requiriron toda a miña atención, vireime e vin que era o rapaz novo:

-Ola, son Alex.

-Carlota -tan só quitei un dos cascos, quería volver rapidamente ao

meu mundo imaxinario.

-Es nova? Nunca te vin por aquí.

-Non, pero cando chegaches ti eu estaba... - ía dicir "no hospital" pero eran palabras que non querían saír da miña boca- ... enferma.

-Si, xa me contaron os teus amigos algo diso.

-Pero non preguntabas se era nova? Se che falaron xa de min...


-Si pero, en fin. Só quería falar. Miña avoa morreu de cancro, e o que sufriu non llo desexo a ninguén. -Outra vez a palabra "morreu", e eu vou morrer pero non quero que ninguén o saiba. Así que calo.- Espero que o teu sexa leve. Adeus. -Levantouse e marchou, "Espero que sexa leve". No mundo nada é leve.

Cando entrei na clase todos calaron, en cuestión de segundos houbo un estoupido xeral, todos comezaron a aplaudir e a darme a benvida, ao igual que as felicidades. Ninguén o sabía, todos descoñecían que non había nada que celebrar, ía morrer en menos de tres meses. Non, nunca cheguei a superar a enfermidade, contestei a unha pregunta pero na miña cabeza, ninguén o debía saber, todos debían quedar na ignorancia.

Comeza a clase, chégame unha nota de Lucía, posicionada estratexicamente ao meu lado esquerdo, ao dereito imposible, estaba a ventá. "Q che dix o nvo? Nunca ants s sntra cn ningnha rpza!!"; "Nad d intres.", en menos de dez segundos xa tiña a contestación comigo: "XÍRATE!!!!". Alí estaba el. Saudoume, pero eu ignoreino, tamén ignorei as innumerables notiñas de Lucía.

Observei pola ventá, e de novo absorbeume o meu mundo, recordei a historia que me viñera á cabeza no autobús, que era unha pirata, sen regras, sen fronteiras, sen nada que me parase os pés. Fóra ía vento, estábbase achegando o Nadal, menos dun mes. A árbore que estaba no patio xa estaba decorada, un pouco máis aló estaban os grandes almacéns, tamén xa decorados. Recordei cando ía de compras coa miña nai:

-Mamá! Mira, corre ven! -Ela



Juan Froján



Cristina Janza

non viña e funa buscar, agarreina da man e leveina arrastro cara ao escaparte que tanto me gustara. Un vestido azul ata os pés estaba alí. -Levaralo á cena tan importante que vas ter?

-Gustaríache que o levase?

-Non viñemos mercar un? Vamos, vamos telo que probar!

-Está ben, está ben, vai amodo que o vestido non escapa!

O vestido era azul mariño, escuro. Parecera que estivese feito a medida para ela, chégalle ata os pés e ten que agarralo cunha man para poder camiñar. A dependenta tráelle uns zapatos, tamén azuis. O conxunto quedalle estupendo. Mercámolo pero son eu quen colle a bolsa, porque o escollín eu.

Cáeme unha bágoa que apuro a secar co dorso da man. Nese intre soa o timbre, miro ao meu redor e vexo que ninguén se percatou da miña bágoa fuxida. Mellor.

Agora teño bioloxía, non me apetece, xa tiven bastante bioloxía na miña vida. Recoilo as miñas cousas e marcho. Saio ao patio e teño que subir a cremalleira da cazadora porque vai moito frío. Diríxome á cafetería e marcho de alí cunhas cantas chocolatinas. Vou sentar a

un banco pero Alex esta alí:

-Din que o chocolate engorda.

-Non tes clase?

-E ti?

-Pérdete.- Vírome disposta a fuxir correndo, non teño ganas de estar con ninguén. Só quero estar soa.

-Ei! -Agárrame forte do brazo e faime parar en seco. -Estás ben? -Non non estou ben, estou enferma, morrerei en tres meses e só quero estar soa, pensar.VOU MORRER! Gustaríame gritarillo pero non podo, é un segredo e ninguén o vai saber.

-Si, si estou perfectamente. Agora se me desculpas.- Vólvome xirar e marcho, de alí a uns pasos xírome, está alí, esperando. Síntome mal. -Oes, unicamente quero estar soa un pouco, non mo tomes a mal, si?

-As persoas non deberían estar soas -dá uns pasos cara a min e séguese, eu reinicio a marcha.

-Vasme seguir todo o camiño?

-Pois si.

-Que queres?

-Nada, tamén quero estar só. -

Camiñamos un pouco en silencio.

-Canto tempo levas con el?

-Como?

-Co cancro, hai canto tempo tes cancro?

-Detectáronmo hai oito meses pero leva hai máis tempo. Oes se viñeches facerme preguntas sobre iso mellor marcha, non quero falar.

-Enténdote. Creo que non comecemos con bo pé. -Para e estende unha man -Imos comezar de novo, si? Ola, chámome Alejandro Soneira, estudo primeiro de bacharelato, pero repetín dous cursos polo que xa teño dezaioito anos. E ti es...? -A cara de parva que me quedou debeu ser un poema porque botou a rir, pero decidín seguirlle o xogo.

-Chámome Carlota Monteiro, teño dezaseis anos e estou en primeiro de bacharelato, por sorte aínda nunca repetín ningún curso. -Botamos a rir.

POEMAS

Antía González Barral
Cristina Janza (ilust.)



Sinto cando te quero a esperanza
 de que o mundo será mellor.

Sinto cando te quero a euforia
 percorrendo o corpo e o corazón.

Sinto cando te quero a chuvia
 que en cen mil bicos ós dous bicou.

Sinto cando te quero a morte
 por non estar ti ao meu corazón.

Cae a tarde, cae a noite e caio eu.
 Ti estás lonxe e o frío aumenta.
 Como unha bágoa nunha tormenta
 xúntome co que non é de teu.

Perdo forzas, perdo tempo, pérdome.
 Perdinte a ti, gañou o xogo, perdinme eu.
 Os dous quedos, insomnes agardamos,
 pero acaso alguén de nós pensa volver?

Tirei as horas, tirei os sonhos, tirei os dados.
 Saíume seis, volvíñ tirar, quixen volver.
 Sei que debo de ter máis coidado pois
 se cae a tarde e cae a noite, caio eu.

Ris, falas, choras, calas,
 ficas quedo, lonxe de min.
 Non entendes que o mar calma
 cando eu me achego a ti?

Río, choro, falo, morro
 porque nunca te esquecín,
 e vén un e virá outro
 pero nunca coñecín
 mozo que me calme os mares,
 mozo que me faga rir,
 mozo que calando fale
 mozo que ao achegarse a min
 fuxan todos os meus males
 como cando eu miro para ti.

Imos queimar a distancia para arder
 no noso inferno,
 restándolle ao tempo importancia
 faremos do breve eterno.
 Xogaremos co noso destino para crear a
 nosa sorte
 e non haberá ser divino que nos separe,
 agás a morte.

Debo de ter demasiadas preguntas,
 moitas respostas para ser atopadas,
 e este constante tictac hipnotízame,
 el non me deixa facer máis nada.

Quero atopar o camiño correcto,
 quero que vexan as miñas pegadas,
 pero o constante tictac hipnotízame,
 el non me deixa facer máis nada.

Quero voar coa andoriña no ceo,
 quero cantar cos paxaros que cantan
 pero o constante tictac hipnotízame
 e el non me deixa facer máis nada.

Debo de ter demasiadas respostas,
 Poucas preguntas para ser contestadas,
 Hei de romper co reloxo que berra
 Para ver se así o tempo por fin se nos para.

Debuxos de Cristina Janza e Juan Froján



Respirarei a esperanza do teu alento,
afastarei os pesares coa túa presenza,
sei cando estás preto que non hai doenza
que poida loitar contra o meu sentimento.

O neno da barba non ri, chora
porque pouco a pouco se lle acaban as horas.
O neno da barba non xoga,
ve caer a chuvía con nostalgia.
No seu mundo xa non queda maxia
e pouco-a pouco no esquezo afoga.

Tivo risas e xogueteas,
tivo apertas, tivo enfados.
Todo o del quedou no antano
e pouco a pouco a xente esquece.

Quedo queda a mirar pantasma.
Quedo sente e quedo escoita.
Quedo pensa e quedo loita
e pouco a pouco, quedo marcha.

O neno da barba non canta, cala
porque cada vez é menos o aire que exhala.



Tentarei non deixar declaracións
suicidas do meu amor desesperado,
mais non prometo nada. Que
ámbolos dous sabemos da necesidade
miña de querer quererte e de querer
contalo, ordenando as palabras para que
poucas poidan dicir moito e moitas nada.
E non te asustes se escoltas "**infinito**"
pronunciado pola mesma voz do silencio,
testemuña somnábula do noso amor,
quen gardou gustoso tódalas nosas aventuras.
Non penses que a memoria, desleal compañeira,
foi quen



de arrasar os sentimentos que os dous
forxamos con palabras e sorrisos. Lembro
a sensación de integridade que os teus
beizos provocaron ao rozar os meus como
se de onte se tratase, e ti ben sabes
que non foi onte. Como se nunha película
estivese a acontecer, finas pingas de
chuvia comezaron a caer do ceo xusto no
momento da explosión. Sabes que me
encanta a chuvía, sobre todo neses días
de verán nos que a calor che permite
permanecer debaixo dela e empaparte
coa súa maxia. Empaparnos nas nosas
propias ilusións, nas nosas miradas cómplices

Estamos xa en primavera e as chuvias
son abundantes, como son abundantes
os recordos, as pantasma dese primeiro
bico, detonante dos momentos vividos
ata agora e, aínda que en menor número,
abundantes tamén as miñas declaracións
suicidas do teu amor desesperado.

TEXTOS FINALISTAS DO IV CONCURSO DE MICROTXTOS TERRAS DO UMIÁ

Estes son os textos finalistas no noso centro para pasar á fase final da **4ª edición de Microtextos** convocado polos EDLG de "Terras do Umiá"

MICRORRELATOS**CATEGORÍA C****Sentimentos queimados**

Hai xa tempo vivía en Rebordechao unha rapaza chamada Rocío, os seus pais estaban separados e sempre discutían. Ela era moi diferente ás outras rapazas, pois só lle interesaban os estudos e encantáballe o colexio. Un día no colexio estaban lendo un poema e unha das estrofas era:

*Sentimentos que agocho no meu ser
queimados polo lume deben ser*

A Rocío esa frase quedoulle gravada na mente e quixo queimar a súa rabia. Un día pola mañá, cando os seus pais non estaban, colleu un bote de gasolina e prendeu lume cun chisqueiro mentres repetía o poema

Ángela Aboy Campañó

O suicidio.

Cando estaba á beira da ventá dun sétimo, pensou no que se convertera a súa vida; mais non dubidou en transmitirlle ó seu corpo o que ía facer. Á fin decidiu apagar o lume que coidaba da súa vida. E cando descendía a unha inmensa velocidade deuse de conta do erro que cometera.

Alejandro Ruibal Campos

O Gran Emul

Érase hai moitos anos un neno chamado Emul que quería ser un Deus do lume. Despois duns anos xa era case un home e seguía tendo o mesmo soño. Foi á gran Montaña onde vivía Ogam, un home pobre pero moi boa persoa que contaba as súas historias de cando era mozo. Emul acordouse dunha que lle contara cando só tiña dez anos: Ogam quería ser mago, como o seu nome ao revés; por desgraza caeu na pobreza e non puido seguir o seu soño, en cambio Emul conseguiu ser deus todopoderoso do lume.

Thais Lamas Conde

Juan Froján**CATEGORÍA D****Ausente**

Non sabes como doe a última ferida que me deixaches. Xa pasou tempo, si, pero as Cicatrices seguen a sangrar cando os recordos volven á miña cabeza. Non foi culpa túa, polo que non te castigarei co peor dos castigos. Rexeitei o esquezo xa hai moitos anos?

E Deus ben sabe que agardaría á eternidade no lume do inferno pola esperanza de escoitar unha vez, e tan só unha vez máis, o fermoso besbello da túa voz.

Antía González Barral

Non o sei...

Non sei se os seus ollos, o seu sorriso, as súas palabras, os seus aloumiños, os seus bicos.....non sei o que é! Pero sexa o que sexa, fai que os meus recordos máis profundos e tristes se desintegren como fai a madeira cando o lume a rodea ata quedar en tan só unha morea de cinza!

Cristina García Mella

CATEGORÍA E

Cristina Janza

Días de cinza

Prendeu nela porque estaba seca, había tempo que o orballo de mencers novos non humedecía as súas cores. Raio de sol, lume accidental, ou intencionado... ou directamente provocado quizais. Prendeu nela, iluminouna, encheuna de calor. Cacharela de San Xoán, acesa con herbas de namorar e risos de espantar meigallos, de parar o tempo, de quererse sempre. Lume de catástrofe que deixou de pouso días grises de cinza e ausencia de flores.

Ana Rial

Medrou pronto


Tiña cinco anos, colleu o seu caramelo e quentouno xunto ao lume. Cando quixo comelo, estaba todo pegañento, espallado polo papel. E medrou pronto para comer algo mellor.

Pedro Lamas Carral

Un rei e un trasno.

Nun pobo namorado da auga, tinguído de LUMÉ, onde a Lúa esCALDada foxe dos vagalumes... un rei, chamado Bartolo, tiña unha pista, unha pista sen sentido, chea de PEDRAS, de LAMA, un camiño de CARROS, unha resta de curvas de allos adobaban ángulos que xa dubidaban da súa medida. Un día o trasno de foMINTO, moi espabilado en TIC-NO-LOXÍA pastoreil, quixolla comprar para facer unha autoestrada (moi egoísta o trasno). Túa, miña; miña, túa... Vaia riada!

SECABE, 1 para que 2, IDADE DA PEDRA
José Escudero Barros



Antía Piñeiro

MICROPOEMAS

CATEGORÍA C

A carón da lareira

Arde o lume na lareira,
Comen chourizos e monean as vellas,
contan contos daquel e daquela,
que ben se está a súa beira.

Natalia Rajoy García

Os Mixtos de lume


Véndense mixtos de lume con lágrimas
de nai.

Irene Martínez Campos

O lume na casa

A nena colle leña como de costume
acende a lareira, xa temos calor.
Na casa non vai frío, xa hai lume.
Chegou o inverno, chegou a dor.


Pablo Piñeiro Pereira



Antía Piñeiro

Antía Piñeiro

CATEGORÍA D



Antía Piñeiro

Recordo

Espallou o vento as cinzas
do que foi lume acendido.
Espallou as bágoas, os bicos, as risas.
Espallou todo o que se foi contigo.

Antía González Barral


Sempre paraíso....

A túa boca e a miña preto,
o lume dos teus ollos co meu xeo;
fan que o dous esteamos vivindo
nun paraíso por completo.

Cristina García Mella



Cristina Janza



Juan Froján

Cristina Janza



CATEGORÍA E

Perspectiva

Brillaban os ollos del,
seica era o lume da paixón.
Brillaban os ollos dela
sei que eran as bágoas da dor.

Ana Rial


Lume

Sobe a marea... lume/
Baixa a marea... fume/...FUNme...

JoséEscudero Barros

ANOREXIA

Vanessa Míguez
Cristina Janza (ilust.)




Vexo os rapaces correr tras dun balón, dunha bola case sen aire que rompe a pacífica presenza dun charco de barro, dun grilo que sae a cantaruxar, dun paxariño que para a descansar. Noto a miña pel pegarse aos meus ósos, día a día.

Véxome no espello lamentando o fatídico erro que me levou a rexeitar o meu corpo, a adular a aquelas esveltas raparigas de marcadas curvas, aquelas que se deitan con un e se levantan con catro, incluso aquelas que non se deitan con ningún... Comecei a negar o meu corpo, o meu ser, a min mesma... En menos dun ano, 20 quilos menos, en menos da metade, o primeiro ingreso, despois diso, cada hora que pasaba implicaba que fose esvaecer, caer, romper...

Non é a educación, non son nosos pais, non somos nós quen nos definimos, son os nosos actos, as accións que realizamos e como as realizamos, esas son os grandes trazos que nos definen e dan unha imaxe nosa cara o mundo...

Cristina Janza

INFORMA... ACCIÓN



Cristina Janza (ilust.)

SOBRE MÚSICA

Marisol Diz, 1º bach.

Pois este apartado está dedicado á música, xa que moitos de vós pensades que non hai grupos de música galegos importantes e que fagan tan boa música como outros españois máis coñecidos.

Hai grupos míticos e moi coñecidos como Los Suaves (que se formou en Ourense a inicios da década dos oitenta e lograron ser teloneiros de Los Ramones) pero aquí imos centrarnos en grupos máis próximos e que fagan música en galego.

Un dos mais coñecidos é Heredeiros da Crus, que son un grupo de Rock do Barbanza formado a comezos dos anos 90 e que agora volven á carga. As súas letras caracterízanse polo uso da gheada e do seseo. Os integrantes son Antón Ageitos -Tonhito de Poi, guitarra-, Antonio Novo -Tuchiño, guitarra-, Francisco Velo -O JranFran, baixo-, Javier Vázquez Maneiro -Javieriño, voz- e Beni -O Fillo de Amparito, batería-.

Outros que volveron aos escenarios recentemente son Os Resentidos que andan celebrando o trinta aniversario... e xa van uns cantos veráns con *Fai un sol de carallo...* precisamente no concerto de celebración tocaron e versionaron cancións súas algúns dos grupos máis im-

portantes nestes momentos: Novidades Carmiña, Atake Escampe, Ruxe-ruxe ... Pero hai moitos máis: Dios ké te crew, The homens, Víctor Aneiros Band, Som do galpom, Os cempés, Lamatumbá, Festicultores, Pulpiño Viascom, A matraca perversa, Xenreira, Loretta Martín, Zenzar, Projecto Mourente, Roberto Sobrado, O Leo e arremecághona, Astarot, Machina, O sonoro machin, Fanni&Alexander, Banda Potemkin... e así ata un total de 192 grupos con discos editados.

E algúns ata son veciños: Nao, Raiva...

Se nos vimos a máis cerca podemos falar do grupo Templanza que xa o podeades escoitar en concertos en teatros e pubs e ata en grandes salas como a Capitol de Santiago. Ao mellor se falades co noso compañeiro Xurxo Aboy podeades estar máis ao día das súas actuacións, que el é o batería. E máis adiante seguro que outros compañeiros lle seguirán a pista... hai canteira!!!

Se queredes saber máis de música galega podeades entrar en

<http://gl.musikazblai.com/artistas/>

ou en

<http://www.ghastaspista.com/>

e se queres estar ao día ou tes un grupo e queres darte a coñecer podeades visitar

<http://arequeifanetlabel.blogspot.com>.

DÁMOSLLE A BENVIDA Á

REAL ACADEMIA GALEGA



Información da RAG

Día das Letras Galegas

Biblioteca

Arquivo

Recursos
Lingüísticos

SOBRE LINGUA

Martín Agrelo. 2º Bach.

Os traballos no campo da lingua nunca estarán suficientemente recoñecidos, pero neste caso chegou o momento de homenaxear a un dos nosos mellores especialistas en lingua galega, Henrique Monteagudo, xa que acaba de ser nomeado membro da Academia Galega. Pero a elección deste estudoso non se fixo ao chou, senón que estamos ante unha persoa que, a pesar da súa xuventude, xa ten publicados innumerables traballos, e o seu recoñecemento internacional no eido da sociolingüística acredita a valía destes.

Precisamente no seu discurso de ingreso na RAG "*Facer país co idioma*" puidemos escoitalrle que debemos preocuparnos pola supervivencia da lingua galega xa que a súa perda implica morrermos como pobo. Constata Monteagudo que é o máis preocupante é a perda do traspaso entre as distintas xeracións e pensa que a reversión da situación ten que ir en dous eixes: que os galegofalantes manteñan a súa lingua e que os castelanfalantes cambien os seus usos lingüísticos. Pero, claro, isto non é fácil, os estudos comparativos realizados nos últimos 15 anos mostran que aumenta a porcentaxe de desgaleguización e diminúe o número de regaleguizados. Así as cousas Monteagudo opina que o cambio lingüístico pasa por tres fases que se retroalimentan: competencia lingüística-motivación-

ocasión de uso. E isto si que é unha idea interesante: é o hábito quen determina o uso lingüísticos (falamos no que estamos acostumbrados), non son as actitudes cara á lingua o que vai facer que mudemos os nosos hábitos lingüísticos senón as ocasións para practicar nun entorno favorable. Os datos demostran que os que cambiaron de lingua nos últimos cara ao galego fixérono nun 66,6% por razóns persoais mentres que cara ao castelán só cambiaron por razóns persoais o 28'9%, o resto fixérono por razóns de cambio de residencia, razóns laborais... As conclusións son obvias: por un lado, queda claro que quen exerce a liberdade lingüística é quen recupera o galego e que a castelanización case sempre é forzada por circunstancias vitais; por outro lado, e xa aplicándonos o conto, que debemos aproveitar as situacións favorables (compañeiros galegofalantes, profesorado galegofalante, novos amigos...) para, paulatinamente, facer máis fácil o paso porque, parafraseando a Sechu Sende, ninguén pasa dunha fase A (non falar galego) a unha fase C (falar sempre galego) sen unha fase B (falar ás veces en galego).

A receita que propón Monteagudo vai por este camiño: a posta en valor da lingua por parte da administración e unha maior conciencia cidadá; xa que son as persoas as que, en definitiva, fan unha lingua.

SOBRE FESTAS. A FESTA DA LINGUA

Rita Bacariza. 4º ESO.



Un ano máis, os equipos de dinamización da comarca "Terras do Umia" organizaron a Festa da Lingua para entregar os premios aos participantes nos concursos de microtextos que convocan, para homenaxear aos empresarios da comarca que usan o galego e, sobre todo, para celebrar que temos unha lingua propia.

Neste caso celebrouse o día 4 de maio no auditorio municipal e a ela acudimos alumnos e alumnas de todos os centros implicados, no noso caso fomos os rapaces e rapazas que formamos parte do equipo, os/as finalistas do noso centro no concurso de microtextos e os compañeiros e compañeiras de aula de Antía González Barral, xa que ela foi a gañadora dos premios de microrrelatos e micropoemas (dous) da categoría de bacharelato; tamén premiaron á nosa profesora Ana Rial na modalidade de microrrelatos na categoría de profesorado.

O acto estivo dirixido polo noso compañeiro de 2º de bach. Pablo González (un profesional!!!) que xa ten experiencia nisto e parece que naceu enriba dun escenario. A festa estivo amenizada polas actuacións do grupo Track 01 (de Cuntis) do que forma parte o noso compañeiro Sámer (guitarra) e ao que lle fixo de vocalista o compañeiro Ramón, e tamén actuaron profesoras/as dos distintos centros que ademais fixeron unha lectura musicada dos textos gañadores no concurso, o que lle deu bastante emoción ao acto porque os/as finalistas non sabían que gañaran ata que escoitaban o seu texto musicado.

Ademais puidemos gozar da actuación da contacontos Raquel Queizás que nos con-



tou unha bonita historia e nos deu a coñecer a palabra clave do próxima edición do concurso: *papaventos*, xa podeades ir comezando a escribir... E por se todo isto fose pouco, tivemos o privilexio de contar coa presenza dunha das escritoras galegas máis importantes: Fina Casalderrey, que foi o xurado que seleccionou os textos gañadores e que entregou os premios.

Pero non foron os únicos premios que se entregaron, tamén xa cara ao final da festa, os equipos entregaron o Galegumia do ano á empresa Carqueixa Téxtil para recoñecerlle o seu compromiso coa lingua galega. Esta candidatura, segundo nos explicaron, foi proposta polo alumnado do noso instituto logo de facer un exhaustivo traballo no que comprobaron o uso do galego nas empresas de Caldas. E foron as alumnas que a propuxeron, xunto coa coordinadora de Terras do Umia, quen lle entregou o premio.

O acto, ao que tamén asistiron representantes do Concello, está consolidándose xa (esta era a 3º edición) e a proba está na cantidade de prensa que asistiu para cubrir a noticia. Nós acreditamos que o pasamos moi ben (era unha festa!) e agardamos xa pola do próximo curso.

COLABORA... ACCIÓNS

DESPEDIDA

Tati. Presidenta da ANPA

Dannos a oportunidade de escribir nesta revista e non a queremos deixar pasar.

Aproveitamos que neste curso catro membros da Directiva da ANPA deixamos o posto despois de nove, oito e seis anos (e algunhas por segunda vez) para despedirnos deste Instituto co que traballamos en todo o que se nos solicitou: organizamos charlas, premios, excursións... cun capital humano excelente, tanto de profesores (ante os que hai que quitar o sombreiro polo interese que teñen polos alumnos), como de alumnos (simpáticos, bos e non tan bos estudantes, participativos, bromistas, creativos...).

Queda sen solucionar o problema do acceso o IES para o que pido o voso apoio agora que estades aquí e máis adiante cando xa non esteades, porque traer o IES a Caldas foi unha loita moi importante para noso pobo e arredores e tamén porque na comarca é o centro público de referencia.

Gustaríame facer un chamamento ós pais para que sigan apoiando esta asociación, tan necesaria en tódolos centros de ensinanza e ós alumnos para que acudan á ANPA máis do que xa o fan.

Agradecemos o apoio dado todos estes anos polos pais, profesores e alumnos e ós profesores por facernos sentir como na nosa casa.

O FUTURO É VOSO.

M^a Teresa Pérez Presa. Presidenta.

M^adel Carmen Recouso. Tesoureira.

Marisa Frieiro García. Tesoureira.

Hilda Pomar Abalo....Representante no Consello Escolar.



A LUZ DOS LIBROS

Gonzalo Bemposta, Club de lectura de adultos

Nestes malos tempos que transcorren, poida que sexa o momento de irse a outros ámbitos. A mundos novos, a espazos de aventura, a latitudes do vivir, onde flúen ventos de entusiasmo, cálidas correntes de paixón que nos empurren cara a esperanzadores horizontes.

Apañemos unha constelación de estrelas na man, ao alcance da vista, ofrecidas só para nós. Estrelas que nos regalan mundos de literatura, de auténtica verdade. Mundos sublimes, máis reais que a mesma realidade. Convidámoste a vir onde a realidade supera á máis febril das imaxinacións. Onde se cotiza en valores eternos, en inversións sempre propicias á alza.

Vén ao territorio dos soños. Súbete a montañas de esplendor; escala cumes de emocións; goza do pracer da lectura. Hai camiños no eido galego, no noso falar e sentir. E onde hai un camiño hai unha ilusión... un futuro en movemento, en alta progresión, nestes --que se din-- malos tempos para a lírica.

Crea mundos propios, ingravidos e sutís!

Vive en luz de libro!

CLUB DE LECTURA

**Zaira Canai Caneda
Andrea Sánchez Graña**



Cando setembro chega e se inicia o curso facemos o mesmo que ó comezar un ano: unha chea de novos propósitos. Entón propoñe estudar máis, ir sempre a clase, facer os deberes, apuntarte a algún club ou actividade... Para nós e moitos máis, tanto da ESO como de Bacharelato, o elixido para cumprir este último propósito foi o club de lectura.

Alí, todos os recreos dos mércores (ou polo menos iso intentamos aínda que non sempre se cumpriu) quedabamos para falar dos libros que estabamos a ler e tamén dos nosos gustos literarios. Aínda que realmente iso foi o que menos fixemos. Durante este ano levamos a cabo varias actividades, entre elas escribir os nosos propios relatos de terror e ir contalos a un antigo mosteiro, á Biblioteca para un grupo de rapaces e, no outro extremo, para un grupo de maiores no Fogar do Maior.

A experiencia foi moi positiva e logo se buscou outra para que a seguira. Consistiu en realizar unha curta baseada no libro *Makinaria* de Carlos Negro. Na parte creativa estivemos todos involucrados, pero na realización e gravación, debido a problemas para facer coincidir datas e á falta de comunicación, non soubemos moito de como se desenvolvía. E quizais foi ese o único feito negativo do club: algúns dos membros non nos sabiamos cando tiñamos reunión, nin cando algunha actividade.

Retomando o caderno de bitácora, hai pouco dimos o salto á radio. A radio de Caldas e a Biblioteca Municipal, para celebrar o Día do libro, ofrecía a oportunidade de poñer en común a opinión sobre algún libro para recomendalo. E quen mellor para iso que un club de lectura? Pese a que fomos poucos os que asistimos e o tempo quedouse curto, a sensación de saír nun medio foi agradable.


Finalmente, tivemos dúas actividades xunto co grupo de dinamización: o intercambio co IES Aquis Querquenis e a Festa da Lingua, pero isto xa volo contan noutra parte.

E ata aquí chegou o noso ano. Para concluír, só queremos animarvos a que formedes parte do club de lectura, ou de calquera outro. Poderíamos achegarvos moitos motivos como que abriría a vosa mente, coñeceríades a novas persoas, fariades actividades innovadoras... pero unha que si que nos pode conseguir adeptos é a seguinte:

Está moi ben o de ir de excursión mentres o resto do instituto está dando clase.

ENTREVIST... ANDO

*Entrevista realizada por Jennifer Iglesias a **Sechu Sende**, autor da obra de relatos **Made in Galiza**, logo de asistir á representación teatral que o noso grupo de teatro realizou adaptando textos da súa obra.*



Ben, unha vez vista a nosa representación, que che parece a adaptación que fixemos da túa obra?

Pois paréceme impresionante. Cando eu tiña a vosa idade e comezaba a escribir poemas e contos non imaxinaba que tantos anos despois uns rapaces e rapazas da mesma idade que eu tiña daquela ían subir ao escenario a facer unha ópera rock cos textos meus. O que vin alí foi un desprezue de creatividade total: a adaptación dos textos, a interpretación, como enfiastes o ritmo da obra..., sorprendeume moito. Eu xa non quería imaxinar nada para non ter ningunha expectativa pero o que vin superounas todas, ademais vino dúas veces e asegúrovos que o vería unha vez máis. O que podo dicir é que mellorastes o orixinal, parece como se os textos fosen escritos para vós.

Cres que na representación se debería engadir algún peza máis da túa obra?

Pois non, vexo todo moi compensado, moi acertado, a selección de textos. Supoño que é difícil facer unha selección de textos

sobre un libro de corenta relatos e sacar seis ou sete, ademais tamén un compañeiro voso fixo un texto moi orixinal, o de entrada, e ademais supoño que transportar un texto escrito á oralidade tamén levou o seu traballo. Non, eu non voto nada de menos, ao mellor o do botellón .pero supoño que sería moi difícil meter un botellón alí en directo.

Cres que o feito de introducir música lle fai chegar a mensaxe aos rapaces con máis contundencia?

Si, si. Eu sempre digo que se soubese facer hip-hop ou rap seguramente non escribiría libros. Porque penso que tanto a música como as novas formas de comunicación como o audiovisual (que vós tamén introducistes) ten unha serie de rexistros que aproxima a mensaxe, sexa cal sexa, á xente e sobre todo nesta obra, que a fan moi vital, moi alegre, fai que un dea saltos na cadeira.

Cres que é necesario seguir difundindo esta mensaxe?

Si, sempre, desgraciadamente. Estas mensaxes que construímos entre moita xente: escritores, rapaces e rapazas novas, músicos, panadeiros e panadeiras, tendeiros... e moitísima outra xente de valorizar a nosa propia lingua, a lingua galega, e de vivila con normalidade, desgraciadamente, require ese esforzo de comunicación porque hai xente que non o acaba de entender. Hai xente que vive á marxe do que é a realidade en lingua galega e nós temos a obriga e a responsabilidade de comunicar que en galego vivimos con toda normalidade, que queremos unha lingua que sexa creativa unha lingua que nos enriquece en todos os sentidos: a nivel cultural, a nivel económico, a nivel social..., unha lingua que



en definitiva nos fai felices e que é a clave do desenvolvendo deste país . O día que que os galegos e galegas apostemos pola nosa lingua, os que falamos galègo sempre, os que falamos máis galego pero tamén os que falan máis castelán e incluso os que aínda non falan galego, ese día seguramente este país vai ir mellor, en todos os sentidos.

Xa que estás aquí, pódenos adiantar en primicia en que estás traballando agora? Á parte da túa profesión de docente, estás escribindo algún libro ou participando nalgún novo proxecto nestes momentos?

Si, o meu proxecto máis inmediato é a miña filla que ten dous anos e pico e neste momento é a prioridade. Antes de ter a Estrela tiña máis tempo para escribir e para vivir a vida doutra maneira e isto cambiou moito. Isto tamén ten un lado moi creativo porque me mantén en contacto cunha persoa que está abrindo-se ao mundo nunha sociedade como a nosa, en todos os aspectos non só o lingüístico, e tamén me fai ver a vida con ollos diferentes a como a vía antes. Á parte diso cando teño tempo, ademais das tarefas na casa e estar coa filla e coa familia, escribo de vez en cando algún relato; agora estou preparando un libro de relatos, que seguramente saia nun ano e medio ou dous porque eu teño o forno moi lento e preciso vivir moitas experiencias para dar cos libros



na imprenta.

Ademais sigo co circo de pulgas, temos un circo de pulgas que é un espectáculo fantástico e que nos permite comunicarnos coa xente máis nova do país.

E, como como moita xente.a cabeza non para sígolle dando voltas ao mundo, é a miña forma de participar para cambiar as cousas .

Como sabemos que ti es docente, temos que che preguntar que pensas da situación que está atravesando o ensino neste momento.

Pois, aquí tamén hai momentos para o humor e o surrealismo e momentos para a preocupación, aquilo de rimos por non chorar. O acoso ao que o goberno de Galicia está a someter aos seus propios traballadores e traballadoras do ensino é inesperado e sorprendente e sobre todo é moi triste que se estea desprestixiando a profesión dos docentes. Pero máis triste aínda é o feito de que isto ten unhas consecuencias para a xente máis nova, para o alumnado, porque se están retirando recursos e se non se inviste en educación, estase favorecendo o ensino privado e o ensino concertado e impedito o desenvolvemento do ensino público e isto non se fai dunha forma inconsciente. E isto onde vai repercutir é na formación da xente máis nova e non é un problema só dos profes senón dos pais e das nais; eu como pai, coa miña compa-



ñeira, temos falado moito disto, de que a nosa filla non vai ter a oportunidade de estar nun sistema público de calidade como debería ser o ensino público e iso está claro que é algo consciente e planificado, neste caso por un goberno de dereitas que prefire o ensino privado e concertado.

E a situación da lingua como a ves no ensino?

É complicada. A miña maneira de achegarme ao problema da lingua, ao conflito lingüístico aquí no noso país é con moito humor, con moita ironía e con retransca mais hai momentos en que hai que poñerse serios. Vemos que segue descendo o uso do galego pola xente nova, segue habendo xente inimiga da lingua e cando se vén actitudes contrarias ao galego por parte da administración ou por parte de xente que aparece nos medios de comunicación máis convencionais como a prensa ou a televisión pública desprestixiando a lingua, pois aí hai que sacar o orgullo que levamos dentro.

Pero por outro lado tamén vexo moita vitalidade e moita xente nova que aposta pola lingua; dende hai uns anos está habendo un movemento de rapaces e

rapazas urbanos que están falando máis galego, chámanse os neofalantes, e en certa maneira son un punto de esperanza; non só os que falamos galego imos darlle a volta á historia da nosa lingua, cada vez hai máis xente que non fala galego habitualmente e que está apoiando o proceso de revitalización da lingua. Por primeira vez na historia hai pais e nais castelanfalantes que se mostran publicamente a favor da lingua galega e queren que os seus fillos e fillas teñan destrezas e se expresen en galego e que non lles pase coma a eles que con trinta e corenta anos se senten incómodos falando galego. Esa dimensión máis psicolóxica a min é a que máis me interesa, o feito de que hai moitas cousas que facer en positivo pola lingua e facela atractiva, pero non só para os que falamos galego habitualmente senón tamén para os que aínda non a falan.

Ben, pois, moitas grazas por asistir hoxe á nosa obra de teatro e ata outra.

Ata outra, graziñas a vós.

VIAX... ANDO



DIARIO DE BERLÍN

Cristina García Mella, 1º bach



Día 1: Venres 23 de Marzo

Por fin! Por fin chegou o esperado e ansioso día; comeza a nosa aventura en Berlín! :D

Pola mañá tod@s nervios@s e con moitas gañas. Logo veu unha mañá moi movidiña, con moitos retrasos de avión en Santiago e Madrid, e ao fin..., chegamos á bonita cidade alemá.

Mentres nos dirixiamos ao hotel e autobús, o que máis nos gustou foron as pre-

ciosas vistas de Berlín iluminado pola noite; con eses edificios tan altos, eses xardíns... IMPRESIONANTE!

Coma sempre, no primeiro día, acomodámonos no hotel e saímos ceiar e a coñecer un pouco máis a cidade. Primeira impresión: P.R.E.C.I.O.S.O

Día 2: Sábado 24 de Marzo

Amence en Berlín. Todos temos que erguernos para comezar un novo día, que nos espera ategado e cousas.

Neste primeiro día visitamos os lugares máis coñecidos de Berlín, como son a Porta de Brandemburgo, o Parlamento ou Reichstag (o cal visitamos por dentro), o monumento do Holocausto, etc.


Tamén temos que dicir que esta viaxe estanos gustando moito porque, aínda que visitamos zonas de interese e temos





que ir en grupo, tamén temos bastante tempo libre para estar por eses sitios, sacar fotos e visitalos máis libremente.


Á noite, despois de pasar unha e outra vez por debaixo da Porta de Brandemburgo, desta última vez que pasamos estaba iluminada, dirixímonos ao hotel.



Deixamos as cousas e fomos en busca dun Mc Donalds para cear, ao fin atopá-molo, ceamos á alemana. E regresamos ao hotel despois de estar un anaquifío polo Sony Center.

Día 3: Domingo 25 de Marzo

Un día máis en Berlín. Hoxe tocou visitar a illa dos Museos, e concretamente o Museo do Pérgamo. Despois de realizar a visita cunha audioguía, fomos paseando por xunto á Catedral de Berlín, e incluso chegamos ata o pé da enorme Torre da Televisión. Tamén vimos unha fonte preciosa que se atopaba xunto ao Concello



Vermello, etc.

Despois de deixarnos un tempo libre para xantar e comprar agasallos, fomos visitar un antigo barrio xudeu. Pero estabamos tan cansados de camiñar todo o día, que tras descansar un pouco, dirixímonos ao hotel.

Día 4: Luns 26 de Marzo

Último día en Berlín, así que decidimos aproveitalo ao máximo. Parecía ser que hoxe nos ía esperar outro día movidiño, e así foi.

Pola mañá fomos en metro ata onde se atopan os restos do muro de Berlín. Alí enchémonos de sacar fotos, e incluso atopamos a dous mozos do País Vasco que estaban tocando na rúa, que ao ver-nos emocionáronse e puxéronse moi contentos. Incluso cando souberon que eramos galegos, aledáronse aínda máis, e puxéronse a cantarnos e dedicarnos






cancións. Cando estivemos con eses mozos, un dos nosos compañeiros, pediulle prestada a guitarra e púxose a tocar no medio da rúa, mentres que eles cantaban e nós aplaudíamos; pasamos un momento verdadeiramente divertido!

Pola tarde, despois de xantar, esperábanos unha sorpresa por cortesía das profesoras; íannos levar ao zoo, un dos mellores de Europa. Logo de visitar o zoo, que nos gustou a todos en xeral, e de onde puidemos sacar algunhas anécdotas moi graciosas (como a rotura do pantalón dun compañeiro ao intentar montar nun hipopótamo de mentira); dirixímonos cara a columna da Victoria. Dende alí arriba, e tras subir sobre 280 escaleiras, había unhas vistas preciosas e ESPECTACULARES de todo Berlín, e sobre todo, dos enormes parques que rodean esta columna.

Logo regresamos ao hotel para descansar e volver ao día seguinte para Galicia.

Día 5: Martes 27 de Marzo

O último día da viaxe, o máis esgotador despois do cansazo acumulado en toda a semana. E aínda por enriba, no aeroporto de Berlín estaban en folga, e tivemos que estar alí esperando sobre dúas ho-



ras. Máis tarde, en Madrid, tivemos que andar a correr para coller o próximo avión. Pero para máis colmo, cando chegamos a Santiago e nos dispuxemos a recoller a equipaxe, démonos de conta de que nos faltaban tres maletas; supostamente, quedaran en Madrid! Vaia remate de viaxe!

Pero, en resumo, a viaxe encantounos a todos e todas, e foi unha experiencia inesquecible.

WE <3 BERLÍN!!



INTERCAMBIO ESCOLAR

AQUIS QUERQUENIS (de Bande) AQUIS CELENIS (de Caldas)

Jennifer Iglesias. 4º ESO.

Isto do intercambio non é que nos cambien por outros/as, é que os rapaces e rapazas que formamos parte do EDLG (equipo, teatro, club de lectura) compartimos dúas xornadas (unha de ida e outra de volta) cos integrantes do equipo doutro instituto para coñecer como é a súa vila, como falan, que actividades fan... Vouvos contar como transcorreu nesta ocasión:

Imos a Bande:

O día 2 de maio fomos a Bande. O camiño foi longo pero sempre se intenta amenizar... Chegamos ao colexio e veunos recibir un profesor e, todo hai que dicilo, outras veces estivemos menos vergonzosos á hora de presentarnos, ata nos tiveron que dicir que non mordían (entre risas). Leváronnos a un salón de actos e alí ensináronos un vídeo de presentación.

Despois collemos os buses e fomos de ruta: a igrexa visigótica de Santa Comba única, en Galicia; o museo do Campa-


mento Aquis Querquernis, onde unha guía nos explicou o proceso de romanización (que é o que temos en común os dous Aquis: que nos dous casos nacemos a partir de campamentos romanos) e as vías romanas que pasaban por Bande. Vimos unha exposición no propio museo de como era a vida romana nesta zona e logo fomos visitar as excavacións do campamento, que se poden ver perfectamente debido a que este ano houbo pouca chuvia porque está a carón do encoro...) (todo moi rápido porque estaba chovendo). Logo fomos comer a un albergue e alí, despois de xantar, xa empezamos a coller confianza cos nosos compañeiros. Ao acabar fomos a Lovios, a un lugar onde había augas termais no propio río (Río Caldo) e en principio a facer tamén unha ruta pero chovía con forza e recuamos cara ao bus. Nos buses todo foi festa porque nos mesturamos os dous dous centros e, como non tñíamos gañas de marchar, aínda nos levaron a ver unhas cascadas enormes e fermosas. Fixemos un último parón no camiño para

visitar os miliarios romanos, facer unhas fotos e despedirnos porque o intercambio remataba este día.

Os de Bande veñen a Caldas:

O día 11 de maio os rapaces de Bande viñeron a Caldas, todos estabamos esperando a súa chegada e ata había nervios. Fómolos buscar e antes de entrar Cristina Mella deulles a benvida, logo ensinámoslles algunhas zonas do instituto como a cafetería e a biblioteca e despois fomos a sala de usos múltiples onde os saudou o director e a continuación Antía González explicounos o itinerario do día, e puxémoslles un vídeo de presentación do noso equipo (podédelo ver no noso blog) e explicoulles algunhas das actividades que levamos a cabo no noso equipo de dinamización lingüística, como a campaña de "Doa lingua".


Despois do recreo fomos a unha visita guiada por Caldas para ensinarlles os sitios máis emblemáticos e a nosa historia. E á hora de xantar tivemos que andar ata a cascada (e algún case bota as tripas fóra coa calor) para que visen o paseo e a paraxe que hai polas beiras do río; alí aproveitouse para quitar unhas fotos, charlar, escoitar musica e mollar-se, un pouco porque a calor apertaba. As catro collemos un bus ata Pontevedra onde fixemos un roteiro, os maiores fixémoslo con mapas e os pequenos con guía. A actividade foi moi divertida porque tiñas que ir preguntando, ás veces perdíaste, e mesmo algunha xente aínda vacilaba connosco (caso do camareiro). Ao rematarmos vímonos no punto de partida e Ana, como premio, repartiunos piruletas e mesmo nos deixaron uns minutos para estar por alí e descansar antes de marchar. Chegamos aos buses e despedímonos dos nosos compañeiros con pena porque o pasamos moi ben.





PROXECTO PORTO.

Rtía Bacariza. 4º ESO.



Martes 27, 14:00h

Pois aquí estamos, comendo nos xardíns da Fundación Serralves, despois dunha longa viaxe e dunha visita guiada polo edificio na que xogamos aos arquitectos.

Nestes xardíns non se pode comer, pero como nós molamos, pois deixáronnos. Ana dixo que non deramos a nota e que fixeramos o menor ruído posible pero os de 3ª están cunha bulla e coa música a todo volume, xa veredes como nos botan... ja, ja, ja...

Cando acabemos de comer tócanos visita a Porto. .

Mécores 28, 00:15

Aínda estamos espertos, e iso que levamos unha boa camiñata por Porto. Están charlando alumnas e profes, mentres Rita escribe o que pasa. Ruben Simaes dedicoulle unha canción a María a de

Física e Química, unha canción de Juan Magán titulada "María, María" A viaxe por Porto foi esgotadora e houbo de todo: Rita e Luís discutiron; houbo xente que se extraviou... e de camiño ao albergue cantáronlle no bus o "cumpreanos feliz" a Carlos e logo preparáronlle unha especie de torta á que lle puxeron mistos para que soprase, porque non había velas. Mañá faremos unha viaxe en metro desde Matosinhos e finalmente iremos á Casa da Música onde faremos unhas actividades e xantaremos.

Mécores 28, 9:00

Acabamos de levantarnos e temos todos un sono tremendo, xa que apenas durmimos de noite. Agora toca facer actividades na Casa da música.

Mécores 28, 16:00

Acabamos de xantar a agora toca volver a casa. Analía xa rematou de contar a xente e xa comeza a soar a música que a profe acompaña cun baile.


Foi unha viaxe moi bonita que volvería repetir cos ollos pechados e creo que os meus compañeiros tamén.

Ben, voume despedindo que nos quedan dúas horas de viaxe e hai que aproveitálas para durmir. Ata outra!

P.D.: Ana, María e Analía, perdón pola noite que vos demos.

REFLEXION... ANDO

Adrián Abal (ilust.)

**MODERNOS, SEICA.****Juan Carlos Fariña Mouriño, 2º bach.**

Ola amig@, a continuación vou a falar dun problema que nos afecta a todos, a nosa lingua.

Iso que sabe captar os nosos gustos, que serve para falar e producir sons, que transmite o que nos gusta e o que non... que nos determina como pobo e nos fai un oco neste mundo tan cambiante, que nos permite dicir que somos galegos, que temos terra e cultura propias. Pois iso, da lingua galega, que está ao mesmo nivel que todas as linguas do mundo, pois todas serven para o mesmo, para facernos persoas, falar e crear *sociedades distintas*.

¿Otra vez?, qué pesado! Que me dejen hablar lo que yo quiero!!, que para eso soy española. Yo uso las dos, así estoy al 50% y en equilibrio. Eu falo galego, pero cos meus fillos falo castelán que soa mellor e poderán percorrer mundo...

Vale, pois si, é do galego do que vou falar "otra vez", pero non como vós pensades, non vou ser o "'pesado'" que vos diga que tendes que falar o galego por-

que se non pérdese e todo iso. Non, eu vou falar sobre a miña historia con esta lingua que levo empregando dende que era cativo e coa que penso morrer, vou contar as miñas vivencias con ela. Comezamos:

Ola, chámome Juan Carlos Fariña Mouriño, nacín nun lugar chamado Galicia, no noroeste de España, na Península Ibérica, crieme aquí e son galego. Cando era pequeno estudei no San Fermín. Alí pasei uns bos anos, aínda que moito non recordo pois era pequeno pero si lembro que maioritariamente falaban unha lingua que eu na miña casa case nunca escoitaba, falaban castelán. Eu ó principio usaba o galego, logo pasei ó castelán, aínda que na casa seguía a empregar a lingua materna. Logo medrei e cambiei de escola, pasei ao Alfonso VII, unha escola pública. Alí foi onde pasei a maior parte da miña vida e na que me dei de conta de moitas cousas, que considero importantes. Nesa escola a xente fala as dúas linguas, o castelán e o galego. Como xa dixer, eu na casa falaba galego pero cando saía de compras ou con amigos empregaba o castelán. Nesa época guiábame polo "eu falo o que me falan". Foi nesa escola onde me dei de conta, grazas a algúns

profesores, do que estaba pasando na terra na que me tocou nacer, o problema tan grave que existe na nosa sociedade e que a destrúe pouco a pouco coma unha daga que se che crava no peito. En Galicia pasa o mesmo, a isto eu chámolle diglosia. Foi nesa escola onde comecei a interesarme máis por este problema e no que me ensinaron vídeos e fixemos actividades múltiples e diversas para facernos conscientes da situación. Seguín medrando e cheguei ao Aquis Celenis, o instituto de Caldas de Reis (e non "Caldas de Reyes" como moita xente di, **os topónimos non se traducen!**). Atopeime outra vez cos meus antigos compañeiros, que había moitos anos que non vía, e adiviñade que lingua empregan todos... O castelán. Nun instante pensei que de seguir naquela escola toda a miña vida, posiblemente eu agora estaría falando tamén castelán e esta crítica xamais se escribiría.

Xa me dera de conta deste problema, comecei a interesarme por Xapón, logo por Corea, Tailandia, China... e deime de conta de que nestes lugares a xente falaba a súa lingua e usábaa en tódolos ámbitos das súas vidas, na música, na televisión... E eu pregunteime mil e unha veces por que na miña terra non pode pasar o mesmo?, por que nós non podemos facer o mesmo? A resposta que buscaba obtivena nun vídeo que a profesora nos puxo. Trátase dun vídeo sacado dunha edición de *Gran Hermano* no que os concursantes falaban do mesmo problema que trato eu agora. Eles falaban dunha maneira despectiva contra o galego, dicían o que moita xente, por desgraza, pensa: que o galego é bruto e que soa mal, que a xente non o sabe falar e que ninguén na cidade fala galego porque resulta que a xente na cidade é fina e




culta (non vos dá risa?).

Pareceume incríbel que en pleno século XXI aínda exista unha mentalidade propia dos Séculos Escuros. Cando te das de conta de todo isto ó principio intentas razoar, porque vendo os demais pobos crecendo e enriquecendo as súas linguas non comprendes por que ó mirar para a casa ves que a túa está agonizando e gritando en silencio que a salven, que ela non fixo nada malo, todo o contrario, que recolle a nosa cultura e progreso dende que naceu ata... non quero nin pensalo nin escribilo.

Pasáronme infinidade de detalles co noso problema, pero o que me moveu a escribir isto foi comprobar que nunha comida familiar na que todo o mundo falaba galego dirixíanse en castelán a un rapaz da Coruña que alí había porque, dixeron, se lle falaban en galego non entendía. quedei petrificado e indignado, e aínda máis cando constatei que cando eu lle falaba en galego el miraba para min coma se fose un extraterrestre. Sentínme como a avoa dun dos contos do libro *Made in Galiza*, no que unha pobre anciá non entendía nada do que lle dicían os da súa familia e quería marchar outra vez para a súa aldea natal, onde a xente falaba normal.

Situacións destas vin tantas, que se me desen un euro por cada unha sería rico.



Xa vedes a cantidade de paradoxos que ten a diglosia. Non sei o que facer, miro e volvo a mirar e o que vexo é que todos os rapaces/as pequenos/as falan castelán. Os galegos estamos abandonando a nosa lingua para intentar “parecer” máis intelixentes, que contradición!. Creo que é ridículo que a xente non se dea de conta do que se está perdendo, do importante que é o coñecemento de **moitas linguas** para crecer como persoas, ser máis intelixentes e medrar espiritualmente; paréceme imperdoable que tiremos miles de anos de cultura e de tradición só por parecer modernos.

Eu non son nacionalista, só defendo o que é meu (e se o fora non pasaría nada). Moita xente, cando lles contei isto que vos estou a contar, díxome que era nacionalista, e a min non me gustou nada porque a min o que me agrada é coñecer outras culturas e aprender delas. Gustaríame que todos os galegos e as galegas razoemos, cada un para si e logo en comunidade, sobre que pasará nos próximos anos se seguimos vendo e vivindo situacións como as que eu describín.

RADIOGRAFÍA (S)

E ti, por que o falas?

“Eu non teño unha razón determinada para falar a miña lingua. É precisamente por iso, porque sinto que o galego é meu, que forma parte da miña cultura. Síntoo así e gústame falalo.”

“Eu falo galego porque foi a primeira lingua que aprendín e a que me falan na casa”.

“Eu non falo galego habitualmente porque dende que era moi pequeno a miña nai, que era coa que máis tempo pasaba, me falaba castelán xa que ela vivira moitos anos fóra. No colexio a maioría dos meus compañeiros falaba castelán e na primaria a miña profesora falaba castelán”.

“Eu falo galego porque estou en Galicia e ao meu redor todo o mundo o fala”.

“Eu falo castelán coa xente que se dirixe a min nesta lingua porque me sinto raro contestándolle en galego. Na casa, coa familia, falo galego, e tamén con quen se dirixe a min en galego”.

“Dende que nacín, dende que aprendín a falar, a contar, dende que camiño, dende que penso racionalmente... Dende sempre falo a miña lingua: o galego. Falo galego porque é a lingua de meu, porque non hai que dar razóns para falar a lingua dun, falo porque quero, porque sen ela xa non



sería eu mesma”.

“Eu falø galego posto que é a lingua que fala a miña familia e, basicamente, porque é a lingua propia do territorio no que vivo. Eu non me imaxinaria falando outra lingua a diario xa que é con esta coa que me sinto cómoda e identificada”.

“Non teño ningún problema en responder en galego se alguén se dirixe a min nesa lingua, por educación, respecto e porque teño os coñecementos necesarios para empregalo. Porén, o castelán é a lingua na cal me comunico normalmente. A causa disto é porque o castelán foi a lingua na que meus pais me falaron dende moi pequeno e é a lingua que, sen pensalo, me sae ao falar”.

“Adoito falar castelán dende pequena porque era o que falaba a maior parte da miña familia. Hai uns anos decidín que quería cambiar de idioma pero síntome un pouco rara e cústame bastante acostumar-me”.

“Eu falo galego porque é a miña lingua, porque falando castelán non me identificaría co lugar onde vivo. Gústame falalo coa xente e só cambio de lingua se saio de Galicia. É a miña marca de identidade, da que me sinto moi orgulloso, orgulloso de nacer neste país e de estar entre xente galegofalante”.



ROBERTO SOBRADO E BANDA NO AQUIS

Samer Abdulkader

O martes 15 de maio no Aquis Celenis tivemos o gustoso pracer de dispor dun concerto pop rock para os alumnos de 1º de bacharelato. Actuaron para nós Roberto Sobrado e Banda, cinco músicos que nos fixeron pasar un bo anaco. Unha voz, dúas guitarras, un baixo, unha batería e os saxos nas mans destes músicos foron quen de sacar algunhas palmas e murmurios a un público do máis esixente. No seu repertorio atopamos cancións propias mais tamén versionaron coñecidos temas rockeiros que nunca pasan de moda.


As letras dos seus temas, á parte de seren en galego, teñen distintas temáticas mais a que máis empregan é a social. “Lección de historia” é un tema que nos recorda que non evolucionamos tanto como cremos xa que segue pasando o mesmo que leva pasando toda a historia. O que unha vez foi o imperio romano agora é o imperio do Tío Sam, Polonia agora é iraq, Berlín está no Sáhara e Rusia en Vietnam, o gueto na Palestina bombardeada continuamente por tanques israelís, Guantánamo é Chile e Kurdistán é Hiroshima... A súa canción “Templos

Modernos Xano fanqui" fala sobre a sociedade consumista na que nos convertemos. Di que todo o que un gaña co traballo o ten que gastar para mercar todas as cousas que quere. Como non podía faltar, teñen un tema sobre a traxedia do Pestige na que critica a indiferenza e a incompetencia dos que viñeran de Madrid, do dano nas costas galegas, da culpabilidade dos que causaron a traxedia, etc. "Pan e circo" retrata a situación actual con: ordenadores e consolas, música electrónica, emigración e inmigración, programas lixo, grandes superficies comerciais, empregos pregaros...

A banda ofreceu unha das súas maquetas e convidounos a asistir aos seus concertos polos arredores. Se non, sempre teremos a ocasión de volver a escoltalos no seu *myspace*.

VAIA CRUZ CO GALEGO !!

Ángel Manuel Crestar, 1º A bach.



Esta pasada Semana Santa ingresei nunha confraría en Pontevedra, estaba ilusionado, pois sempre quixen participar como confrade nunha procesión e por fin o ía facer, pero a miña ilusión pouco durou... Cando cheguei á sede da Confraría saudáronme e fixen o ingreso a medida que me ía dando de conta de que alí só falaban castelán...

Chegou o día da procesión, Xoves Santo, volvíñ alí co traxe e indumentaria apropiados. Era o novo e todos me miraban raro. Achegáronse catro rapaces a min e preguntáronme "de donde venía", "como había conocido la cofradía" ... , contesteille as tres ou catro preguntas e comprobaba que a medida que eu falaba eles mirábanme raro e. . .

-Que pasa?, dixen algo mal?

-No, pero... por qué hablas gallego?

-Eu, estupefacto, contesteille:

-Por que mo preguntas?

E eles contestaron:

-Ah, nada; es que aquí todos hablamos castellano.

Marcharon. Viñeron dous máis xunta miña, xa duns cincuenta ou cincuenta e cinco anos, que me oíran falar. Faláronme castelán; eu contesteille en galego e eles tamén o fixeron, ben... aquilo galego galego, non era! Puxéronnos a todos de dous en dous, a min tocoume cun rapaz que aínda non chegaba á trintena. Faloume castelán e eu volvíñ contestar en galego. Polo que se ve, alí había dous cristos, e un era eu co galego. Miroume raro e dixo: Falas galego! El contestoume en galego, ben falado, por suposto, e faloume sempre en galego, tanto ese día como o Venres Santo.

Cheguei á casa e comenteillo a meus pais, que me dixeron que debía falar castelán ou, pola contra, quedar calado...

A ilusión que tiña por coñecer xente dunha confraría e participar nas procesións esvaeceuse, non me sentín a gusto ao ver que ao falar galego en Galicia (que é algo normal!) te miran aro, pareceume ben triste.

ARRAS... ANDO

Diario de Arousa

www.diariodearousa.com

01 04 12

Domingo
1 de abril
de 2012
1,65 EUROS

Año XII
Número 4.022
Vilagarcía
de Arousa



Diario de Arousa entrega hoy el suplemento "O Salnés Siradelia".

ADEMÁS

FOLE ANUNCIA un proyecto para convertir las playas en un referente turístico y de ocio > 11

CARMEN CASIMIRA y Porfirio Lázaro serán homenajeados con las "Raias de Ouro" > 20

RIVERA El Plan de Ajuste contempla la



VILAGARCÍA



José Candal, director del Aquil Celenis, recibió el premio de la mano del alcalde de Cambados.

IES Aquil Celenis

El Instituto "Aquil Celenis" de Caldas de Arousa se ha revelado como un centro pionero en Galicia en la utilización de libros dixitais sustentando a tecnoloxía.

promueve el uso de las nuevas tecnologías en las aulas. Crearon con un total de 72 ordenadores que utilizan los alumnos de 1º a 2º de ESO y Aulas con 1 ordenador.

S en dúbida quen arrasa é o Aquis. Arrasamos todos e todas e proba disto é que xa fóra comezan a recoñecer o traballo que facemos, aí o está, é o premio "Arousán do Ano" que concede o Diario de Arousa. A nós concedéronnolo na categoría educación porque segundo se pode ler: "revelouse como centro pioneiro en Galicia na utilización de libros dixitais substituíndo os tradicionais textos en papel. É o único instituto público da provincia de Pontevedra en introducir xa en varias materias o uso destes modernos libros dixitais... Os resultados que está obtendo o instituto caldansen

non son nada desdeñables. Confirmouse como berce de bos estudantes na comarca e algúns dos seus alumnos obtiveron recoñecemento a nivel autonómico e incluso nacional. E todo isto formando tamén os mozos en valores con iniciativas como o Grupo de Igualdade". O premio recolleuno o noso director, Xosé Candal.

FALAQUIS 2012



E... postos a repartir premios... nós no Ruxe-Ruxe, tamén queremos participar no reparto. Xa sabedes que cada ano queremos recoñer publicamente a actitude de alguén que defende co seu uso e co seu traballo a nosa lingua. Chegou o momento de saber quen arrasa no tema da lingua, quen é **Falakis** do ano **2012**. Neste caso o equipo (EDLG) decidiu nomear Falakis a Abrahán Sande, e queremos recoñecerlle, agora que xa se decidiu a deixar o centro, o seu exemplo e a súa colaboración en todas as actividades que o EDLG organizou.

ARRASA CON TODO.



Unha vez máis queremos felicitar a José Manuel Busto que, como xa nos ten acostumados, segue arrasando. O curso pasado arrasou no mundo da química e este ano probou sorte coa ortografía e foille moi ben. Neste curso gañou a fase galega do Concurso Hispanoamericano de Ortografía e quedou de segundo na fase estatal. Mágoa que xa remata os seus estudos neste centro... igual que outros/as moitos/as que teñen colaborado moito con nós, grazas.



Juan Frojan

DESTAC... ANDO

No noso centro desbordamos de calidade por todos os lados, e desta volta quixemos destacar a un grupo de alumnos que practican deportes que non son dos máis coñecidos.



CHEMA BÚA VILLA

Cristina Mella

É alumno de 1º D e practica o **Kayak-Polo**: (o equipo tamén o integran Iago e Alex, e outros compañeiros que tamén foron alumnos do centro)

En que consiste o Kayak-Polo?

É un deporte acuático no que xogan cinco contra cinco montados nunhas embarcacións chamadas *kayak*. O obxectivo é meter goles nunhas porterías que están suspendidas no aire a dous metros da auga.

Por que comezaches a practicalo?

Pois porque de pequeno cando ía ao Malecón a ver xogar ao equipo do Umia, gustábame moito o que facían, e era un deporte diferente e, para o me gusto, moi bonito de ver xogar. Por iso cando cumprín os doce anos animeime e apun-

teime no curso de Kayak-Polo que organizaba o club para iniciar os nenos e nenas, e a partir dese verán xa entrei no equipo.

Participades ou xa participastes nalgunha competición?

Si, xa levamos tres anos competindo. Este ano estamos participando na Liga Galega e preparando o campionato de España que será en setembro, e tamén iremos a Bélxica a xogar un torneo a nivel europeo.

Que argumentos ou razóns darías para que a xente se anime a practicalo?


Pois que é un deporte divertido e diferente ao que normalmente practica a xente. Ademais percorres moitos sitios distintos debido aos torneos e coñeces a xente nova. Pero ademais tamén melloras a condición física, así que lle recomendo á xente que se anime a probalo, que é unha experiencia nova e seguro que lles gusta.

Como te ves no futuro con respecto a este deporte? Cres que te poderás dedicar profesionalmente a el?

No futuro penso seguir practicándoo e espero conseguir chegar algún día a xogar un mundial coa Selección Española, é o meu soño. Dedicarme profesionalmente a el non, en España non se pode, ningún che paga por ir xogar a isto, en cambio noutros países si.

BREGÁN PAZOS

Antía González Barral



é alumno de 1º bach e practica o **BMX**

En que consiste o BMX?

En caer da bicicleta... Non, é broma, en esquivar obstáculos na rúa ou facer trucos en ramplas cunha bicicleta.

Por que o practicas?

Porque me gusta, é unha descarga de adrenalina constante.

Pensas que é un deporte coñecido comparado con outros como o fútbol ou o baloncesto?

Creo que é menos coñecido do que debería, moita xente preguntame cando lle digo que fago BMX: "Que é iso?"

Pode ser porque para empezar a practicalo necesitas unha bici e con esa bici só podes andar ti, en cambio se compras un balón é moito máis barato e poden xogar todos con el.

Recomendaríaslle ao resto da xente que o practique?

Por suposto que si, porque é un deporte no que traballas todos os músculos e pódese practicar en calquera sitio.

Mª JOSÉ SANFRANCISCO

Jennifer Iglesias



é alumna de 4º de ESO e fai **ximnasia artística**.

A modalidade que practica é ximnasia acrobática.

Practica este deporte dende os oito anos, comezou no clube FLIC-FLAC de Vigo e actualmente está na escola do Club TRE-BOADA de Pontevedra.

ALBANO MONTEAGUDO

Jennifer Iglesias



é alumno de 4º de ESO e fai **atletismo, modalidade 400 valados**.

Practica este deporte dende os sete anos, comezou no Club de Atletismo de Moraña pero ese club desfixose e pasouse para O CUNTIS. Agora está no Club de atletismo de Ourense.

É gañador de varios campionatos galegos e foi aos campionatos de España coa selección galega.

ENRED... ANDO

FRASES PARA A HISTORIA

Sheila Couselo e Alicia Cotón, 4º ESO

Bernardino (Berni): estivo pouco pero moito falou...

-Messi é o mellor, o Cristiano ese non é nin cristiano nin católico

-Como di a canción... "Maneras de vivir"... (cantando)

Cristina (mates):

-Á función pode darlle a tolemia e cruza cara a aquí!

Socorro:

-In English, please

-A los tres negativos tengo que llamar a casa

Merce:

-Me cago en mis bemoles

-Tienes un cojón por cerebro!

-Dios rapas, eso que é?, un lampreaso, non?

Ceferino:

-Eu tómore o meu traballo moi en serio

-Non eres ó 100

-Está prohibido non ser libre nesta clase

-Eu?, contigo? nin a misa!!

-Non sabes?, é así como un Pedriño pe-
queno

Analía:

-Estou fervendo

Pazos:

-Mira un detallíño

Teresa:

-Non mezclede o touciño coa velocidade!

Margarita (unha tras doutra...)

-Os importa? Os lo creéis y punto!

-Aquí mando eu!! Non me dá a ghana!!

-Apaga o móbil se non quítocho, que seguramente sexa mellor ca o meu!

-Fragmentitio, fragmentitotitorito de ADN!

-Non! Se fora si, xa dicía eu que si!

-Está en... tendido? Ai, pordios, que pesados sodes!!!

-Se me contestas así, eu póñoche un ce-
roto!!!

-Alucino!!!

Loli Maceiras:

-Y este coge se viene, se sienta, se que-

da, se levanta y se va...

-Y esto es denunciabile, y claro que os voy a denunciar, os denunciaré! al cuartel de la guardia civil...

-Eres un simple

Pablo:

-Fácil o muy fácil?

-A ver, que roubaches hoxe?

Sandra:

-E cunden, verdade?

-Fraga era un dinosaurio del franquismo!

Meixide:

-Fóra percusión, fóra percusión!! Parade de tocar!! silencio! shhh...

-Que fas de pé? Que fas de pé??

Rosa Franco:

-Eres tontit@??

Belén:

-Tu tiempo comienza.. YA!

Orientador:

-Porque vos estades xogando o graduado eh!

Escudero:

-Quedan 240 segundos!

Conserxe:

-Ei ei... aínda non é a hora de entrar eh!

Mercedes a da cafetería:

-A ver que me estades aturrullando!

Home de Mercedes a da cafetería:

-Ana, atende aí!

Conversacións:

-Guapo!! (alumno)

-Xa o sei! :) (Xosé Candal)

Alumno: Profe!

Margarita: Dime, alumno!

Alumno: Si home, si.

Margarita: Home non, muller en tal caso

Alumno: O exercicio 13, non?

Margarita: 13 si... o 13... 13... 13....

Acelera, home!!

Alumno: Joba, profe!

Margarita: Jo viene!!

MEMES

Antía González Barral

A ver Fapencio, de que derivan os esteroides?

Pucker Face

Psss... Do ciclopentanoperhidrofenantreno, clarísimo.

A ver ese de diante, que tan claro o ten, que saia ao encerado.

Pucker Face

Como te chamas?

Fuckencio Martinez, pero non estou moi seguro...

INVESTIG... ACCIÓN

ENSAIO A CONCIENCIA

Este ano o EDLG en colaboración cos departamentos de ciencias do instituto convocou o primeiro concurso "Ensaio a conciencia" para os/as científicos/as demostrados que valedes. Presentáronse varios traballos de diferentes calidades e o xurado escolleu como gañador o presentado pola compañeira Gloria Cascallar, de 2º de Bacharelato. Aquí deixamos un fragmento (é demasiado extenso para transcribilo todo aquí pero podedes consultalo no blog do equipo) deste traballo de investigación


O MÉTODO CIENTÍFICO

Gloria Cascallar. 2º Bach.

INTRODUCCIÓN

A motivación para a realización deste traballo comezou co tema do Equilibrio, estudado recentemente na clase de Química de 2º de Bacharelato, e na súa extensión aos temas de Ácidos e sales, solubilidade e formación de complexos, que están fundamentados nos mesmos principios.

O equilibrio químico é unha situación que ten lugar nas reaccións reversibles. Nelas os reactivos reaccionan para dar produtos e estes para dar reactivos, inicialmente a velocidade de transformación é a máis alta e a contraria é 0 pero co transcurso da reacción a velocidade de formación de produtos vai diminuindo e a de formación de reactivos aumentando. Chega un momento no que ambas velocidades se igualan, a ese momento chamámoslle *equilibrio químico*. A partir deste momento as concentracións de reactivos



e produtos permanecerán constantes, aínda que segue habendo conversións entre eles, é dicir, é un equilibrio dinámico, non estático.

O principio de Le Chatelier dinos que se realizamos un cambio que perturbe o equilibrio, este desprázase de forma que equilibre o efecto perturbador, e ao cabo dun tempo estremos de novo no equilibrio.


Se podemos observar algunha propiedade dos reactivos que nos indique a súa EXISTENCIA e o seu PREDOMINIO no equilibrio, poderemos observar e comprobar este principio. Esta propiedade podería ser a cor, por exemplo, xa que é a propiedade máis facilmente observable.

DESENVOLVEMENTO DO MÉTODO

Observacións.

Para a realización deste fragmento consígo un pouco de dicromato potásico. A continuación tomo un pouco desta substancia cunha espátula, vexo que é un po laranxa. Engádolle auga e disólvese dando unha cor alaranxada á disolución; canta máis auga lle engadimos máis clara vai quedando pero conserva a cor laranxa, é dicir, canto máis o diluímos, menos intensidade da cor, o cal parece indicar

unha relación proporcional entre a cor e a concentración.



Poñemos 1 ml nun tubo de ensaio, 1 ml noutro e 1 ml noutro máis

Comprobamos o seu comportamento ácido-base:

Ao primeiro tubo botámoslle unhas gotas dun ácido, HCl, e observamos que non cambia, segue laranxa.

Ao segundo poñémoslle unhas gotas dun composto anfótero como o etanol, e non cambia.

Ao terceiro tubo poñémoslle unhas gotas dunha base, NaOH, observamos un cambio de cor, pasa de laranxa a amarelo.


Formulación da hipótese.

No terceiro tubo debeu de ocorrer un cambio de natureza química dos compostos, xa que se produciu un cambio da cor, o que tiñamos na disolución era unicamente $K_2Cr_2O_7$ e auga, e o que lle engadimos foi NaOH, logo algunha reacción tívoose que producir:



O laranxa está claro que era debido ao $K_2Cr_2O_7$ xa que era o único que tiñamos na disolución, e, se esta reacción é correcta, a cor amarela debe ser debida ao $KNaCrO_4$ xa que é o que temos cando este equilibrio se move cara á dereita.



De todos os xeitos, coñezo da clase que os sales se disocian nos seus ións ao disolvérense, co que, realmente, as partículas que temos rodeadas de auga son:



Formulo tamén a hipótese de que ambas as cores son debidas aos ións dicromato e cromato, respectivamente, pero unicamente a eses ións.

Experimentación.

Respecto á cor, dicía que coñezo de clase que os sales ao disolverse se disocian nos seus ións, así ocorre no sal común (Cloruro de sodio, NaCl) ou no Cloruro de potasio (KCl). A continuación realizo a disolución e observo a cor:



O resultado da experimentación é que ambas son transparentes.

Conclusións.

Conclusión 1: A cor non pode ser debida aos ións sodio nin aos ións potasio


Conclusión 2: A cor ten que ser debida aos ións cromato e dicromato

Polo tanto, estas conclusións verifican as hipóteses expostas para as observacións realizadas.

EMPRESA EN GALEGO

USOS LINGÜÍSTICOS NAS EMPRESAS DE CALDAS DE REIS

Elaborado a partir dos traballos de: **Hilario Martínez, Sammer Abdulaker, Mari Carmen Miranda, Daniel Fariña, Ana Flores, Daniel Paseiro e Antía González.**



Cristina Mella


Este ano dedícaselle o Día das Letras Galegas a **Valentín Paz Andrade**. Foi un ilustre galego que naceu no ano 1898 no barrio pontevedrés de Lérez e finou en Vigo en 1987. Foi un home moi polifacético: xurista, economista, empresario, ensaísta, poeta e xornalista. A súa faceta máis coñecida é a de empresario: foi un dos fundadores da famosa empresa de conxelados Pescanova. Foi un home que sempre defendeu os seus ideais: empregou o galego en todos os sectores nos que se desenvolveu, defendeu abertamente o uso da súa lingua e apoiou a todos os que o precisaban, sobre todo traballadores. Debido ao seu apoio ao galeguismo, tivo que exiliarse a Arxentina durante todo o período do franquismo ata o democracia.

Para homenaxear o seu gran labor a Real Academia Galega dedicoulle este ano o Día das Letras.


O ENDL do Aquis Celenis quixo recordar a súa faceta de empresario comprometido coa lingua do país e propúxolle aos alumnos de 1º de bacharelato facer unha investigación sobre os usos lingüísticos nas empresas do Concello de Caldas de Reis. Velaquí, en gráficos, os resultados da nosa investigación:

Uso das linguas a nivel escrito:

Carteis Informativos EXTERIORES



Carteis Informativos INTERIORES




Á hora de comezar a facer este traballo decatámonos, xa antes de cubrir enquisa ningunha, de que o castelán é, practicamente, a única lingua empregada polos empresarios. Independentemente das reflexións que puidemos facer a raíz do traballo, de entrada xa nos sorprendía o feito de ver algún leteiro, cartel ou nome de empresa en galego. Logo, como se pode comprobar, constatamos que o uso que se fai do galego a nivel escrito é moi escaso en comparación co emprego do castelán, e isto pasa tanto cos carteis exteriores (nome da empresa, publicidade, informacións varias...) como no uso interno (facturas, instrucións...).


S

e atendemos ao uso da lingua a nivel oral vemos que o uso do castelán se ve mingado, pois na maioría dos establecementos úsase preferentemente o galego tanto para falar cos/coas compañeiros/as de traballo como para comunicarse coa clientela, porén a maioría dos galegofalantes cambian de lingua ao atoparse con público que se dirixe a eles en castelán mentres que os castelanfalantes só en casos minoritarios optan por cambiar á lingua do/a cliente.


Uso das linguas a nivel oral



Cambio de Castelán a Galego



Cambio de Galego a Castelán



Os comercios aos que se lles realizaron as enquisas son de moitos tipos e, polo conseguinte, podemos atopar diferentes empregos lingüísticos, nós aquí só reproducimos os resultados xerais pero De quererdes coñecer os datos máis polo miúdo e atendendo a cada un dos sectores, podedes entrar en

<http://www.cotovia.org/empresa/resultados.php>

Nós agora queremos deixarnos algunhas das conclusións ás que chegamos.

Observamos que entre os nosos empresarios dáse un claro caso de diglosia pois é bastante xeral a crenza de que para para o nivel escrito e formal é preferible empregar o castelán. Observamos tamén que os usos lingüísticos do galego remantan reducíndose ao uso coloquial entre empregados xa que a maioría dos empregados galegofalantes adoitan cambiar de idioma ao dirixirse ao público que fala en castelán.

Concretando nos locais que o noso grupo visitou para realizar a enquisa, atopamos distintos puntos de vista sobre o uso do galego nas empresas, que van dende a aceptación da necesidade de normalización do idioma no ámbito comercial á indiferenza ou incluso á negación desta necesidade argumentando esta opinión con diferentes prexuízos lingüísticos como que o galego normativo é un galego "artificial" ou "inventado", que empregar o galego en ámbitos que non sexan rurais é de nacionalistas ou que o uso do galego nas etiquetas pecharía portas fóra de Galicia. Por outro lado, a pesar de que os comerciantes non cren que a lingua que empreguen inflúa na cantidade de clientela si que opinan que se un cliente lles falase unha lingua diferente á que eles estivesen falando deberían cambiar eles de lingua.

A maioría dos empresarios entrevistados son conscientes do conflito lingüístico entre os dous idiomas, ven como o galego está menos presentes en determinadas actividades, entre as que se encontran as empresariais, pero non lles parece un tema preocupante e moi poucos reflexionan sobre el. Entre as solucións que algúns propoñen para rematar con esta desigualdade están as reformas políticas para evitar que o galego siga a estar en inferioridade e tamén unha educación que axude a inculcar dende pequenos a necesidade de normalización do galego e todos coinciden en que eles non poden facer nada para mudar esta situación. A nós resúltanos obvio que esta actitude por parte dos comerciantes o que provoca é que diminúa a presenza do galego, pois xa só co feito de cambiar ao castelán para dirixirse aos clientes fan que estes mesmo cambien tamén de lingua ou mesmo que falen ao persoal do establecemento unha lingua que non




sexa a súa de costume por medo a non ter o mesmo trato.

Así pois, podemos concluír que no sector empresarial en Caldas o galego e o castelán non son linguas que teñan as mesmas oportunidades, nin están valoradas por igual, pois déixase o galego para un ámbito máis informal e familiar e utilízase o castelán para as cousas serias.


Antes de realizarmos este traballo xa sabiamos que isto ía pasar e que o castelán ía ser o máis empregado, o que non imaxinabamos é que lle levase tanta vantaxe ao galego, xa que, teoricamente, as dúas linguas son oficiais en Galicia e temos o dereito de utilizalas por igual. Podemos dicir que os resultados das enquisas nos decepcionaron e, á vez, alarmáronnos.

Debemos tomar conciencia do asunto e facer o posible por axudar á mellora desta situación, xa que de nós depende que os prexuízos que ten moita xente respecto ao galego se erradiquen ou continúen en xeracións futuras.

ACTUA... ACCIÓN



Gravación de vídeo nun obradoiro de Igualdade



Obradoiro de Banda deseñada



Presentación do vídeo de Igualdade



Colaborando con Cogami



Charla sobre Nova Zelandia



Charla da asociación de inmigrantes Plurais



A limpeza é cousa de todos/as



Visita a Campolameiro



Exposición sobre a violencia de xénero



Actividade de orientación deportiva



Mesas temáticas da biblioteca



Campionato de xadrez



Sachando na horta do insti



Obradoiro de baile de salón



Despedimos a Amparo e a Juan



Intercambio co grupo de autoxestores da asociación de persoas con discapacidade AMIPA.



Programa de acompañamento e conversa na Residencia de Anciáns de Caldas.



Charla sobre o movemento asambleario do 15M/acampada do obradoiro.



Obradoiro de prevención de drogodependencias con internos e persoal do Centro Penitenciario Monterroso.



An Alfaya asinando exemplares de "Vidas secundarias.




Teresa González fala sobre "A filla do ladrón de bicicletas"

NORMALIZ... ANDO	
Iniciativas	2
CRE... ACCIÓN	
Cancro	6
Poemas	9
Microtextos finalistas TERRAS DO	11
UMIA	
Anorexia	15
INFORMA... ACCIÓN	
Sobre música	15
Sobre lingua	16
Sobre festas	17
COLABORA... ACCIÓNS	
Despedida	18
Club de Lectura	19
ENTREVIST... ANDO	
Sechu Sende no Aquis.	25
VIAX... ANDO	
Diario de Berlín	23
Intercambio escolar co Aquis Quer- quenis de Bande	26
Proxecto Terra-Porto	28
REFLEXION... ANDO	
Modernos, seica	29
Radiografía	31
Roberto Sobrado e Banda no Aquis	32
Vaia cruz co galego	33
ARRAS... ANDO	
IES Aquis Celenis, arousán do ano	34
Premios Falaquis	35
Arrasa con todo	35
DESTAC... ANDO	
Os nosos deportistas	36
ENREDANDO... ANDO	
Frases para a historia	38
Memes	39
INVESTIG... ACCIÓN	
Ensaio a conciencia	40
Empresa en galego	42
ACTU... ACCIÓN	
Galería de fotos	45

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

AQUIS

Jenni, Rita, Sheila, Alicia, Fran, Nerea, Samer, Maricarmen, Antía, Cristina Mella,
Cristina Sánchez, Marisol, Martín, David e Paulo.



todos podemos ser doantes

**DOA
LINGUA**
aquis

moitas vidas poden cambiar

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

AQUIS